



## Concello de Maside

**Expediente núm.:** 415/2023

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023

**Obra/servizo subvencionado:** Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### Antecedentes

1. No Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 56, do 21.04.2023, publícase a ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (código de procedemento TR351A).
2. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, que tivo lugar o día 29.03.2023, adoptou, entre outros, o acordo que, copiado literalmente, di:

“2.3.- Solicitar subvención de acordo coa ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e procedese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (procedemento TR351A), publicada no DOG núm. 56, do 21.03.2023, por unanimidade dos asistentes, acordouse:

- 1 Aprobar o proxecto de servizos denominado “Servizo de socorristas nas piscinas municipais”.
- 2 Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización do mencionado servizo.
- 3 Que segundo consta nos documentos e antecedentes obrantes nesta Intervención-Secretaría ao meu cargo, resulta que en relación á subvención solicitada existe financiamento suficiente para financiar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola Consellería.
- 4 En relación ó cálculo da subvención do servizo para o que solicita, o salario dos/as traballadores/as desempregados/as para a súa execución por non ter convenio colectivo é o que consta no orzamento aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 28.12.2022, tendo en conta o establecido na *Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023*, e que conforme o mesmo, o salario a aboar os traballadores é, en cómputo mensual o desagregado por concepto, na seguinte táboa:

NÚ M. TRA B	GRUPO COTIZA C. SEG.S OC.	OCUPACION	CNAE 2009/ OCUPA CION	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONA L SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUA L	DURACIÓN CONTRAT O EN MESES	TIPO XORNAD A %	CUSTOS SALARIAI S TOTALES
2	8	Socorrista ACUÁTICOS	8411D	1.260,00	38,30 %	482,58	1.742,58	3 M	100 %	10.455,48





## Concello de Maside

TOTAL SUBVENCIONABLE	1.260,00		482,58	1.742,58			10.455,48
----------------------	----------	--	--------	----------	--	--	-----------

5 Nomear ó alcalde-presidente, José Manuel Iglesias Araujo, como representante legar do Concello de Maside aos efectos de todo o relacionado coa tramitación desta solicitude de subvención.”

- O día 31.03.2023 é presentada correctamente no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número 2023/1036261 a solicitude de subvención para a contratación temporal de traballadores desempregados para a realización da obra / servizo de interese social denominada “servizo de socorristas nas piscinas municipais”.
- O 15.06.2023 ten entrada no rexistro xeral do Concello (núm. de rexistro 2023-E-RC-861) a resolución do xefe territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a que se nos concede unha subvención polo importe de 6.970,32 euros para a contratación de 2 traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: “SERVIZO DE SOCORRISTAS MUNICIPAIS” (DOG núm. 56, 21.03.2023). Expte. Nº: TR351A 2023 / 29 – 3. Co desagregado seguinte:

Nº Traballadores	Ocupación	Grupo Cotización	Modalidade contractual	Duración (meses)	Xornada	Custo Subvencionado
2	Socorrista Acuático	8	Contrato temporal de interese social	2	100%	6.970,32 €

- O 16.06.2023 dítase Resolución de Alcaldía, aprobando a Convocatoria e as Bases para a selección de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “socorrista acuático”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023 (Expte. Núm.: TR351A 2023 / 29 – 3).
- O 16.06.2023 presentouse a oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de O Carballiño de acordo cos criterios establecidos polo artigo 14 da ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56, 21.03.2023), co obxecto de cubrir os referidos postos de traballo.
- O 23.06.2023 o Tribunal Cualificador do proceso selectivo de persoal laboral temporal, na categoría profesional de “socorristas acuáticos”, ao abeiro da Subvención recibida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2023 (Expte. Núm.: TR351A 2023 / 29 – 3), emite Acta definitiva co resultado da selección, do tenor literal seguinte:

“(…)

- Concluída a selección de persoal coas seguintes propostas de contratación (oferta de emprego número 12-2023-6875):

García Otero, Marcos  
Botana Mosquera, Emilio

Contratación do candidato/a  
Contratación do candidato/a

- Aspirantes que non compareceron:

González Álvarez, Lucas

Non se presentou





## Concello de Maside

González Bardelas, Manuel  
González Álvarez, Noel

Non se presentou  
Non se presentou

(...)"

8. O 23.06.2023 remítese á oficina do Servizo Público de Emprego de O Carballiño o resultado da selección de dous/as (2) traballadores/as desempregados/as para a realización da obra ou servizo denominado/a: "SERVIZO DE SOCORRISTAS MUNICIPAIS" (oferta de emprego número 12-2023-6875).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración Local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar para o período comprendido entre o 26.06.2023 e o 25.08.2023, para a obra / servizo "SERVIZO DE SOCORRISTAS MUNICIPAIS" subvencionado en 6.970,32 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na categoría profesional de "socorristas acuáticos" ó traballador que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

Nome do traballador/a	DNI	Grupo de cotiz.	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)
García Otero, Marcos	76****71 H	8	1.260,00	38,30 %	482,58	1.742,58	2	3.485,16
Botana Mosquera, Emilio	77****68F	8	1.260,00	38,30 %	482,58	1.742,58	2	3.482,16
<b>CUSTO TOTAL</b>								<b>6.970,32</b>

**Segundo.-** Formalizar o contrato de traballo para o "SERVIZO DE SOCORRISTAS MUNICIPAIS" subvencionado en 6.970,32 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado coa cláusula específica de traballos de interese social, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, e o artigo 15.1 da ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56, 21.03.2023), en réxime de dedicación a





## Concello de Maside

---

tempo completo cunha duración de 2 meses.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellodemaside.gal](http://www.concellodemaside.gal)).

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello, na primeira sesión que celebren.

**Quinto.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. José Manuel Iglesias Araujo, en Maside, do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
José Manuel Iglesias Araujo

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

